

Mosteiro Benedictino de San Pedro



Descrición

Mosteiro medieval. Algúns autores sitúan a súa primeira fundación no século X. A finais do século XV, logo de que Pedro Madruga mudase ao abade por un monxe do mosteiro de Lérez, o mosteiro foi abandonado polos monxes, que non acataron o nomeamento. Posteriormente foi usado como reduto defensivo polos guerrilleiros durante a Guerra da Independencia, e acabou destruído ao ser incendiado polo exército francés. O abandono definitivo tivo lugar despois da Desamortización de Mendizábal.

Planta en U con baixo, piso e claustro interior. Fachada barroca pegada á igrexa con porta alintelada, balcón con portas do mesmo formato. Enmarcadas con columnas caixeadas, escudo e frontón triangular con dous pináculos. O resto da fachada é liso. Dous portalóns no baixo, e piso con fiestras e balcón. Claustro de planta rectangular renacentista con dous pisos. Baixo con columnas e arcos de medio punto de aresta, tanto no interior como no exterior, en chafrán que se apoian en columnas monolíticas lisas, de capiteis toscanos, de colarín e tres cuartos de bocel, con basas de toro pequeno, toro grande e apoio cuadrangular, que repousan nun podio corrido liso que percorre toda a planta baixa do claustro. A planta alta é de piares cuadrangulares, situados encima das columnas da planta baixa, decorado o seu fronte casetón corrido refundido. Remátanse os piares en capiteis-zapatatas, clásicos, con deseño de volutas, que serven de apoio a linteis simples. Os vanos entre piares péchanse cun podio corrido liso e alto. A estrutura horizontal do claustro é de madeira, aínda que xa hai algúns tramos substituídos por placas de formigón. No centro do claustro hai unha bonita fonte, de dous pratos, que pode ser da mesma época que o claustro.

Adscripción cultural

Medieval-Moderno

Tipoloxía

Mosteiro

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Tenorio

Lugar

As Covas

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 536905 Y: 4701845

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.552616 O

Latitude: 42.466140 N

